



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Xestión da Innovación Industrial en Moda		Código	710G03029
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	,	Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	A innovación transcende desde a tecnoloxía, á economía e á sociedade, facendo da xestión da innovación un factor crítico para as organizacións no século XXI. Neste contexto, esta materia trata de proporcionar ao alumnado unha nova visión do entorno que o rodea, proporcionándolle coñecementos, ferramentas e metodoloxías para a correcta xestión da innovación nas empresas, facendo especial fincapé naquelas do sector da moda.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer os conceptos teóricos e prácticos necesarios para facer fronte ás decisións asociadas ao establecemento da estratexia de innovación dunha empresa de moda a partires da comprensión do funcionamento do proceso innovador e dos elementos que compoñen os sistemas de I+D+i.		A1	B1 C2
		A5	B2 C3
		A6	B3 C5
		A9	B4 C7
		A13	B5 C8
			B6 C9
			B7
			B8
			B9
Deseñar novas propostas e proxectos de innovación a través do coñecemento de metodoloxías adecuadas, que abranguen dende a definición de ideas innovadoras e a análise do estado da arte, até a planificación, a vixilancia, o aseguramento e a explotación da innovación.		A1	B1 C2
		A5	B2 C3
		A6	B3 C5
		A13	B4 C7
			B5 C8
			B6 C9
Presentar e defender correctamente tanto a un público especializado coma non especializado unha proposta de proxecto de innovación determinando os aspectos máis importantes relativos ao contexto, tales como os coñecementos da audiencia, os obxectivos da presentación, o tempo e o idioma.		A5	B1 C2
		A13	B2 C3
			B3 C5
			B4 C7
			B5 C8
			B6 C9
			B8
			B9



Coñecer, analizar e seleccionar as fontes de información máis relevantes dentro da revisión do estado da arte necesaria para a redacción dunha proposta de innovación	A5	B2	C2
	A6	B3	C3
	A13	B7	C8
		B9	
Coñecer, comprender e aplicar a metodoloxía básica de creación dunha planificación preliminar para unha proposta de innovación.	A5	B1	C2
	A6	B2	C3
		B3	C7
		B5	C9
		B6	
		B7	
		B9	
Coñecer as principais e máis actuais innovacións en produto e proceso existentes no mundo da moda.	A5	B1	C2
	A13	B3	C8
		B5	
		B7	
		B9	

Contidos	
Temas	Subtemas
Estratexia de innovación	1. Introducción á innovación: - Conceptos básicos: emprendemento, deseño, innovación, invención. - Tipos de innovación. - Modelos de innovación. - O rol do estado na innovación. 2. Xestión da estratexia de innovación: - O dilema da xestión da innovación. - A estratexia de innovación e o seu desenvolvemento. - Ferramentas para o desenvolvemento da estratexia de innovación. - Outros aspectos da estratexia de innovación: actitude, marketing, innovación frugal. 3. Creatividade, xeración de ideas e selección de proxectos: - Creatividade e xeración de ideas innovadoras. - Métodos para a selección de proxectos.
Xestión da innovación	4. Vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva: - Coñecemento organizacional. - Intelixencia competitiva. - Vixilancia tecnolóxica: factores e métodos. 5. Xestión da I+d+i: - Definición e clasificación da I+d+i: externa e interna - Retos e metas da xestión da I+d+i - Inversión e avaliación da I+d+i - Descrición do proceso de xestión dun proxecto de I+d+i. 6. Financiamento da innovación: - Financiamento privado - Financiamento privado-público - Financiamento público



Implantación da estratexia	7. Explotación da I+d+i - Innovación aberta. - Proceso e modelos de transferencia da I+d+i: Licensing, Transfer, Spin-off, Clusters... 8. Xestión da propiedade intelectual - Propiedade intelectual e industrial - Segredo comercial. - Copyright. - Patentes: proceso de obtención dunha patente. - Signos distintivos. - Deseños rexistrados.
Tecnoloxías emerxentes no mundo da moda	9. Novos produtos no mundo da moda - Innovación de materiais: definición e exemplos actuais. - Innovación no estilo: definición e exemplos actuais. - Innovación no desenvolvemento do produto: definición e exemplos actuais. 10. Novos procesos no mundo da moda - Agile Supply Chain. - Innovación nos procesos de desenvolvemento: definición e exemplos actuais. - Innovación no nivel de operación e servizo á clientela: definición e exemplos actuais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A6 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C5 C7 C9	3	27	30
Proba mixta	A1 A9 A13 B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 C2 C3 C9	2	30	32
Estudo de casos	A1 A9 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C2 C3 C8 C9	11	34.5	45.5
Sesión maxistral	A1 A5 A6 A9 A13 B1 B3 B8 C5 C8	21	10	31
Prácticas a través de TIC	A1 A9 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C8 C9	3	0	3
Foro virtual	B2 B3 B7 C2 C3	0	4	4
Seminario	A9 A13 B3 B7 C8	2	0	2
Atención personalizada		2.5	0	2.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Realización dun traballo en grupo ao longo do curso e presentación oral final do mesmo. O contido e as características deste traballo daranse a coñecer ao alumnado nas primeiras sesións de clase. Os diferentes aspectos a recoller desenvolveranse tamén nas distintas sesións maxistrais e casos de estudo realizados. O alumnado deberá realizar unha memoria e unha presentación final en PowerPoint ou similar. Definiranse datas de entrega tanto para a memoria coma para a presentación, así como unha data final para a presentación oral do traballo. O traballo requirirá a aprendizaxe autónoma do alumnado, que será guiado e titorizado polo titor/a asignado/a ao longo do cuatrimestre.
Proba mixta	Exame final sobre os contidos teóricos e prácticos da materia, que poderá combinar diferente tipoloxía de preguntas (preguntas de resposta breve, preguntas de ensaio, exercicios prácticos e preguntas obxectivas ou tipo test).
Estudo de casos	Resolución, individual ou en grupo, de casos de estudo propostos sobre distintos aspectos do mundo da moda. O alumnado deberá comprender a problemática que formula o caso en cuestión e responder unha serie de preguntas en torno á súa resolución ou comentario. Estes casos iranse detallando ao longo do curso, conforme ao plan de traballo, e poderán incluír presentacións, debates ou sesións de discusión dirixida. O traballo desenvolverase maiormente na clase. Porén, poderán definirse datas de entrega para cada caso.
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos que conforman o marco teórico da materia guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e da introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa fin de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.
Prácticas a través de TIC	Resolución de problemas de natureza teórica e práctica, propostos en sesións prácticas, facendo uso das tecnoloxías da información e comunicación. Os problemas poderán estar relacionados cos contidos do traballo tutelado para que sirvan de apoio ao mesmo. A resolución dos prácticas farase de modo xeral nas propias sesións prácticas onde se leven a cabo, aínda que poderán esixir un certo grado de traballo autónomo, fóra da aula, por parte do/a estudante.
Foro virtual	Existirán dous foros virtuais, a saber: - Foro virtual de debate: canle que o alumnado poderá empregar para a proposta de debates e a participación nestes. - Foro virtual de aprendizaxe: canle que o alumnado poderá empregar como espazo para o intercambio e a reflexión de aprendizaxes e a proposta de novas actividades.
Seminario	Realización de seminarios con profesionais expertos en temas da materia, sempre que sexa posible.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada descrita desenvolverase principalmente en torno ao traballo tutelado, e concíbese como momentos de traballo persoal co profesorado da materia para a atención e seguimento do traballo realizado por cada un dos grupos de traballo. Recoméndase a asistencia do alumnado a estas reunións, cuxa forma e momento concretos nos que terá lugar se indicarán ao longo do curso en función do plan de traballo da materia. Con todo, durante o curso o alumnado poderá empregar as horas de titorías para aclarar dúbidas e cuestións sobre a materia. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grado na UDC" (Arts. 3.b e 4.5) realizará as súas actividades coa asistencia e participación nas dinámicas que se recollen nos apartados de "Planificación" e na "Atención personalizada", a través dos grupos de traballo que se conformen na materia. A actividade realizarase atendendo ás observacións de avaliación sobre a flexibilidade de asistencia-participación e os requisitos para superar a materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Prácticas a través de TIC	A1 A9 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C8 C9	En relación ás prácticas a través de TIC, valorarase: - A asistencia e participación activa nas prácticas. - A calidade do entregable final, se fose o caso, en relación áa presentación formal, á expresión escrita e á coherencia e adecuación das respostas ás preguntas formuladas. Ditos entregables poderán ser pequenos cuestionarios, breves informes ou presentacións cortas sobre os contidos desenvolvidos durante a sesión.	2
Traballos tutelados	A6 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C5 C7 C9	Avaliación do memoria/informe escrito e a exposición oral do traballo en grupo proposto. En relación ao traballo tutelado valorarase: - A adecuación metodolóxica do informe. - O dominio de contidos específicos. - A expresión escrita e a presentación formal. - O manexo da información e as fontes empregadas. - A claridade da presentación e da exposición oral. - A coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo e non a suma das partes).	40
Proba mixta	A1 A9 A13 B1 B2 B3 B5 B7 B8 B9 C2 C3 C9	Examen final sobre os contidos teóricos e prácticos da materia que se realizará na data oficial prevista no calendario de exames da facultade. O exame pode combinar diferentes tipos de preguntas (preguntas de ensaio, preguntas de resposta curta, preguntas de opción múltiple...).	40
Estudo de casos	A1 A9 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C2 C3 C8 C9	Avaliación dos casos propostos e realizados individual ou grupalmente. En relación aos casos propostos valorarase: - A asistencia ás sesións interactivas onde se propoñan os casos. - A participación activa nas sesións interactivas. - A coherencia e adecuación das respostas ás preguntas formuladas. - A presentación formal dos contidos desenvolvidos se fose necesario. - A expresión escrita. - A consulta de fontes bibliográficas Outras observacións: - Nalgúns dos casos propostos (a especificar durante o curso en función do plan de traballo proposto) a avaliación poderá realizarse por pares. - Poderán realizarse pequenos cuestionarios sen necesidade de aviso previo e sempre sobre o contido visualizado ao finalizar calquera das sesións expositivas ou interactivas. Estes cuestionarios poderán contar ata un 3% do 13% do peso desta parte na avaliación.	13
Sesión maxistral	A1 A5 A6 A9 A13 B1 B3 B8 C5 C8	En relación as sesións maxistrais, valorarase: - A asistencia e participación activa nas sesións maxistrais (por exemplo, participación en debates ou discusións dirixidas na aula, resposta a preguntas formuladas...).	5

Observacións avaliación



1.

REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA

A.

Primeira e segunda oportunidade

-

Para poder aprobar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade de avaliación, será preciso obter unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 na parte de proba mixta e no traballo tutelado. En caso de non cumprirse este requisito, a cualificación final será de "Suspenso", aínda cando a nota media de todas as actividades a avaliar outorgase unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

- Será requisito indispensable para ser avaliado/a en ambas convocatorias a asistencia regular, con participación activa e aproveitamento, ás sesións presenciais (e/ou non presenciais, se fose o caso) e aos diferentes seminarios organizados.

- As prácticas a través de TIC e os casos de estudo non se poderán recuperar na segunda oportunidade de avaliación.

- Se un/a alumno/a que ten liberada unha parte da materia non consegue aprobar a materia no seu conxunto nas datas oficiais dos exames da primeira e segunda oportunidade, a súa cualificación final será de "Suspenso". No seguinte curso académico, o/a alumno/a poderá gardar a nota daquelas probas que ten superadas (sempre e cando obtivese unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), se así o desexa, e sempre e cando informe ao profesorado da súa decisión nas dúas primeiras semanas de clases. Esta condición solo rexerá durante o curso académico seguinte; a partir de aí, non se gardará ningunha nota.

B. Convocatoria

adiantada

- Se houbese alumnado que queira presentarse á convocatoria adiantada de decembro (Art. 19 "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario"), o alumnado que se presente a esta convocatoria deberá realizar a proba mixta (40% da nota), o traballo tutelado (40% da nota) e os casos de estudo (10% da nota). O traballo de curso deberá realizarse de forma individual.

C. Nota mínima

- En calquera dos casos, para poder superar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade de avaliación, deberá obterse unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos sobre 10, sempre e cando o alumnado obtivese unha puntuación igual ou superior a 4 puntos sobre 10 na parte de proba mixta e no traballo tutelado.

2. SITUACIÓNS

A. Alumnado con

recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia segundo establece a ?NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DECICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3;3.b e 4.5) (29/05/2012)

- O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia deberá comunicar ao inicio do curso a súa situación ao profesorado da materia, á fin de establecer un plan e calendario



de traballo. O sistema de avaliación será o seguinte: proba mixta (50%), traballos tutelados (40%) e estudo de casos (10%). O traballo tutelado deberá realizarse en grupo.

- Os criterios de nota mínima para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia son os mesmos que os do punto 1C.

B. Cualificación 'Non presentado'

- En calquera dos casos, serán cualificadas con "Non Presentado?" as persoas que non se presenten ao exame final da convocatoria na data oficial establecida no calendario de exames da facultade, sexa a primeira oportunidade, a segunda ou a convocatoria adiantada.

3. INFORMACIÓN

ADICIONAL

- O comportamento fraudulento en calquera dos apartados sometidos a avaliación suporá a cualificación de "Suspenso(0)" na avaliación final.

- Está prohibido acceder á aula na que se desenvolvan as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información (móviles, reloxos intelixentes...).

Fontes de información	
Bibliografía básica	- Hidalgo, A., León, G., Pavón, J. (2013). La Gestión de la Innovación y la Tecnología en las Organizaciones. Madrid: Pirámide - Jin, B.E., Cedrola, E. (2019). Process Innovation in the Global Fashion Industry. Nueva York: Palgrave MacMillan - Jin, B.E., Cedrola, E. (2018). Product Innovation in the Global Fashion Industry. Nueva York: Palgrave MacMillan - Schilling, M.A. (2017). Strategic Management of Technological Innovation. Nueva York: McGrawHill Education - Trott, P. (2017). Innovation Management and New Product Development. Reino Unido: Pearson - Vignali, G., Reid, L.F., Ryding, D., Henninger, C.E. (2020). Technology-Driven Sustainability. Innovation in the Fashion Supply Chain. Suiza: Palgrave MacMillan O profesorado da materia poderá proporcionar bibliografía adicional en cada un dos temas.
Bibliografía complementaria	- Tidd, J., Bessant, J.R. (2018). Managing Innovation: Integrating Technological, Market and Organizational Change. Wiley

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Fundamentos de Xestión da Empresa de Moda/710G03004 Xestión da Cadea de Subministración de Moda I: Aproveitamento/710G03005 Xestión da Cadea de Subministración de Moda II: Xestión de Operacións/710G03017 Xestión Sustentable da Cadea de Valor da Moda/710G03018 Xestión da Cadea de Subministración de Moda III: Loxística e Transporte/710G03019 Aspectos Xurídicos da Industria da Moda/710G03009
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Dirección Estratéxica da Empresa de Moda/710G03030 Negocio Dixital da Moda/710G03031 Taller 2: Aplicacións de Xestión e Tecnoloxías do Coñecemento en Moda/710G03033
Materias que continúan o temario
Prácticas Externas/710G03037 Traballo Fin de Grao/710G03038
Observacións
- Efectuar un seguimento continuo da materia, participando en todas as actividades teóricas e prácticas programadas, mediante o traballo diario. - Asistir ás clases con ordenador portátil ou tableta electrónica. - Os traballos da materia entregaranse a través da aula virtual, en soporte dixital; de non ser posible, recoméndase a impresión en papel reciclado, a dobre cara e evitando o uso de materiais plásticos. - Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas. - Realizar o traballo de forma continua ao longo de todo o curso.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías